

# A GALICIA ACTUAL: DA II REPÚBLICA Á DEMOCRACIA DO 78

## 1. A II República (1931-1936)

---

### 1.1 A proclamación da II República

Trala dimisión en xaneiro de 1930 de Primo de Rivera comezaba a ditabranda do xeneral Dámaso Berenguer a quen Alfonso XIII encargoulle a restauración dun sistema parlamentario baseado de novo no sistema constitucional de 1876. Alfonso XIII perdera os apoios de moitos membros da oligarquía turnista por apoiar o pronunciamento de Primo de Rivera e tamén de moita parte do exército por permitir a disolución da arma de Artillería e aceptar a dimisión do ditador. A difícil situación económica derivada da crise do 29 contribuíu a aumentar o descontento.

En 1930 a unión de forzas antimonárquicas concretouse no Pacto de San Sebastián, no que non estaban nin o Partido Comunista Español (PCE) nin o PSOE nun primeiro momento, uníndose despois. Decidiron constituír un Comité Revolucionario con Alcalá Zamora como presidente, co obxectivo de derrubar a monarquía. Ante a incapacidade de Berenguer o rei nomea a Juan Bautista Aznar, almirante de Mariña, encargándolle a tarefa de convocar eleccións para restaurar o sistema liberal anterior a ditadura. A tal efecto convoca eleccións municipais como paso previo á convocatoria de eleccións xerais. As candidaturas do Pacto de San Sebastián concorren unidas ás eleccións municipais e as plantexan coma un plebiscito a favor da república.

O resultado destas eleccións do 12 de abril foi un empate técnico entre as candidaturas monárquicas e republicanas en número de concelleiros, pero cunha clara vitoria nos núcleos urbanos destes últimos, gañando os monárquicos nos concellos rurais onde a presenza e manipulación caciquil era aínda moi importante. Os monárquicos polo tanto interpretaron os resultados coma unha total derrota e o Comité dá un ultimátum ao rei que se exilia ese mesmo día provocando un baleiro de poder. A II República polo tanto proclamouse o 14 de abril de 1931 dando paso a un goberno provisional para cubrir dito baleiro de poder, composto polos dirixentes dos grupos asinantes do Pacto de San Sebastián e dirixido por Niceto Alcalá Zamora.

Este goberno provisional tivo que facer fronte a certas tarefas urxentes: negociar a renuncia dos nacionalistas cataláns, dirixidos por Francesc Macià, a declarar o estado catalán, a cal logran a cambio dunha oferta rápida de tramitar un Estatuto de Autonomía; frear as actitudes intransixentes do clero (actitudes antirrepúblicas do arcebispo de Toledo, o Cardeal Segura, o cal é expulsado) e dos anticlericais (queima de conventos) e convocar unhas eleccións a cortes constituíntes por sufraxio universal masculino activo e universal pasivo, o cal da lugar á presenza das primeiras mulleres parlamentarias da historia de España. As eleccións deron a maioría aos grupos prorreformistas dos partidos centristas republicanos e PSOE. Como presidente do goberno os parlamentarios escollen a Niceto Alcalá Zamora (Derecha Liberal Republicana).

### 1.2 O republicanismo galego

Centrándonos xa en Galicia, a chegada da República é un fenómeno de converxencia entre obreiros e elites burguesas aínda que en 1930 é un fenómeno feble. En 1929 **Casares Quiroga** funda a **ORGA** (Organización Republicana Galega Autónoma) como resposta as discrepancias co sector lerrouxista do partido Alianza Republicana, que era un conglomerado de forzas republicanas nacido

en 1926. As discrepancias principais eran o excesivo centralismo, o abandono das clases populares e medias e o achegamento ás elites que propugnaba o sector de Alejandro Lerroux. Quedaba así dividido o republicanismo galego entre a ORGA, de Casares Quiroga, e Alianza Republicana, dirixida por Gerardo Abad Conde, e tendo como cidades principais A Coruña, con vínculos co movemento obreiro e colaboración con el, e Santiago.



Ilustración 1. Santiago Casares Quiroga

Pero, sen dúbida, un dos momentos máis importantes na evolución do movemento republicano foi a creación do **Pacto de Lestrove** en 1930 no que nacerá a **Federación Republicana Galega**. Asistiron membros da ORGA, de Alianza Republicana, socialistas e incluso observadores da CNT. Non se trataba de conspiracións clandestinas, estivo anunciado na prensa, igual que o Pacto de San Sebastián, pois naquel momento trátase de xente importante e con prestixio que pretendían o derrocamento da monarquía. Establécense catro puntos que intentan agrupar a maior cantidade de integrantes posibles:

- Independencia dos partidos de ámbito estatal.
- Loita pola república democrática.
- Creación dunha fronte única electoral xa que a idea de convocar eleccións era un punto principal do pacto.
- Estatuto de Autonomía para Galicia.

É a primeira vez que de xeito explícito se asume no republicanismo galego unha reivindicación dunha autonomía para Galicia. Vai ser un signo identitario

singular, que sobre todo serve un pouco como cemento de todos os sectores galegos. Neste punto será de especial importancia o **Partido Galeguista**. En Lestrove non hai sectores nacionalistas explicitamente. Os sectores nacionalistas que non entraron na ORGA están neste momento nunha situación un pouco confusa. Tentan definir un camiño co **Compromiso de Barrantes** e establecen uns obxectivos comúns moito máis centrados no ámbito da identidade nacional que non no republicanismo. Os seus puntos son:

- Contra o caciquismo.
- Autonomía plena para Galicia.
- Dignificación social do campesiñado (para conservar a unidade de acción dos sectores agraristas).
- Cooficialidade do galego e o castelán.
- Galeguización da universidade e do ensino.

A aprobación da Constitución de 1931, que definía a España como un estado democrático, laico, cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal total e cunha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía é un momento clave na consolidación da II República. Comeza así o denominado bienio reformista debido as importantes reformas realizadas, que pretendían transformar e modernizar as estruturas sociais, políticas e económicas herdadas da Restauración, e se atoparan coa oposición dos grupos oligárquicos que detentaban dito poder. Ademais, estas reformas veranse afectadas pola conxuntura económica da II República, condicionada polo crack do 29, que dificultou a obtención de fondos para a súa financiación.

A cuestión da reforma da estrutura territorial do Estado, a posibilidade de aprobación de Estatutos de Autonomía para as rexións denominadas históricas, e o novo marco democrático de participación, estableceron a posibilidade de acadar maiores cotas de autonomía para Galicia. Isto impulsou a creación dunha alternativa común entre os diferentes partidos nacionalistas galegos que se chamará **Partido Galeguista**, a finais de 1931.

Formado en Pontevedra nunha reunión na que estiveron 80 representantes dos diferentes movementos nacionalistas de Galicia, e onde estiveron persoeiros como Castelao ou Otero Pedrayo que xa eran deputados en Cortes, na súa fundación redactouse un programa no que destacaban puntos como a concepción da nación como algo natural froito da historia, no sentido orgánico-historicista; a identificación da nación co rural (tendo unha idea pexorativa do espazo urbano como opresor do rural); a defensa da cooficialidade do galego co castelán ou o dereito de extinción e expropiación das rendas forais que quedaban.



*Ilustración 2. Fundación do Partido Galeguista en 1931*

A pesar dos esforzos do Partido Galeguista por crear un partido forte en Galicia que aunase ao nacionalismo e tiveran un fondo calado social, isto non chegou a suceder. A presenza da ORGA e dos partidos de esquerda deixaron ao nacionalismo nun fenómeno case meramente intelectual sen moita pegada nas clases populares. Esta situación provocou tensión no seo do partido, xa que unha



Ilustración 3. Ramón Suárez Picallo

corrente pretendía aliarse coas forzas de esquerda (como o pacto que se asinaría con Izquierda Republicana) para ter maior calado social, e outra corrente partidaria dunha visión máis conservadora que receba disto. De tódolos xeitos, o Partido Galeguista será a única organización que promovería a creación do **Estatuto de Autonomía de Galicia**.

Coa vitoria do Bienio Antirreformista e a reacción conservadora, o Partido Galeguista optou por definirse máis claramente como unha forza republicana, antifascista e que trataba de vencellar o nacionalismo coas clases populares. Esta é a vitoria do sector progresista liderado por Castelao, Bóveda ou Suárez Picallo. Os sectores máis conservadores farían unha escisión en 1935 que se chamaría **Dereita Galeguista**. Finalmente, coa vitoria en febreiro da Fronte Popular e a volta das grandes reformas republicanas, o Partido Galeguista comezou a campaña pola aprobación por referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia que se aprobaría o 28 de xuño de 1936. Pero debido ao golpe do 18 de xullo a súa tramitación non se puido levar a cabo máis que de forma simbólica.

## 2. A Guerra Civil (1936-1939)

### 2.1 Comeza a Guerra Civil

A vitoria da Fronte Popular nas eleccións de febreiro do 36, sustentada nun programa electoral baseado no reformismo e na posta en liberdade dos represaliados polas revoltas de 1934, supuña de novo a posta en práctica das reformas do Bienio reformista (31-33), ás cales se opunhan de maneira clara o oligarquía e os sectores máis conservadores da sociedade española, entre os que destacaban o exército e o clero. Alcalá Zamora deixou o seu posto de Presidente da República, reprobado polas Cortes, en favor de Manuel Azaña, e a presidencia de goberno foi asumida por Casares Quiroga.

Coa intención de paralizar o proceso reformista un grupo de militares comandados polo xeneral Mola, Sanjurjo (exiliado en Portugal) e Franco comezarán a planear un golpe de Estado buscando o apoio das forzas antirreformistas de dereita que acabarán conformando o bando sublevado. Este bando, aglutinado polo interese común de paralizar o proceso reformista, era moi heteroxéneo ideoloxicamente: o xeneral Emilio Mola avogaba pola instauración dunha ditadura militar republicana; a CEDA de Gil Robles pola Restauración borbónica; os requetés carlistas por unha monarquía tradicionalista e a Falanxe de José Antonio Primo de Rivera por unha ditadura de corte fascista. Os chamamentos dalgúns deputados de dereita aos militares para dar un golpe de Estado (Calvo Sotelo) e os rumores de que ía acontecer provocaron a reacción do goberno de Azaña desterrando a Mola a Pamplona e Franco a Canarias para afastalos do groso das tropas africanas. Así como provocaron

tamén unha crecente crispación social (atentados profascistas, folgas obreiras...) que levaron a unha forte axitación social. O asasinato do teniente Castillo dos Gardas de Asalto polas forzas de dereita e a posterior vinganza destes co asasinato de Calvo Sotelo adiantarán os plans da sublevación dos militares. O exército africanista apoiará ao bando sublevado mentres que a facción peninsular permanecerá fiel a legalidade republicana. O 17 de xullo Franco subleva as súas tropas en África. O 18 de xullo estenderase pola Península. Este golpe, apoiado pola Igrexa (Isidro Gomá) que o denominará como unha Cruzada dándolle a categoría de Guerra santa, fracasará no seu intento de tomar o poder provocando a ruptura de España en dous bandos e dando inicio a cruenta Guerra civil (1936-1939), sen dúbida o acontecemento principal e máis traumático da historia contemporánea española.

Os dous bloques, o bando dos sublevados (de dereitas ou azuis) e o bando republicano (de esquerdas ou roxos) coinciden coa división entre reformistas e antirreformistas e co mapa electoral de febreiro de 1936. Nas zonas insulares e Marrocos, así como as que tiñan gran presenza de campesiños propietarios como Galicia e Castela-León, ou Navarra con forte presenza dos clericalistas e requetés, triunfou a sublevación, mentres que nas zonas con maioría xornaleira e industrial permaneceron fieis a República (Madrid, Castela A Mancha, Murcia, Comunidade Valenciana, Cataluña, Aragón e País Vasco-Cantabria-Asturias). O bando republicano estaba formado pola coalición da Fronte Popular, que incluía aos republicanos liberais (Esquerda republicana e Unión republicana), ao PSOE e UXT, CNT-FAI (anarquistas), o PC (Stalinistas) e o POUM (Trotskistas).

## 2.2 A Guerra Civil en Galicia

Galicia formou parte do bando sublevado desde o inicio da contenda polo que non existiu unha fronte de combate definida. Debido a esta situación, a represión foi brutal e iniciada xa desde moi cedo, deixando unha pegada moi marcada na memoria. A resistencia en Galicia, e aproveitando a súa orografía, foi nas zonas montañosas e contou cun respaldo social significativo.

A principal razón de porque Galicia pertence ao bando sublevado debemos atopala na súa propia estrutura socioeconómica. Cunha grande maioría de campesiñado analfabeto que, en moitos casos, desde a redención dos foros eran xa propietarios do seu pequeno minifundio, e cunha grande influencia do clero na sociedade, esta mestura foi determinante no apoio ao bando antirreformista. Unha das pedras angulares de como o clero cimentou o rexeitamento de moitos membros das clases campesiñas á República foi a Reforma Agraria. Esta lei plantexou a necesidade de levar a cabo unha reforma agraria retomando as pretensións ilustradas do século XVIII de tratar de resolver os graves problemas do campo español, que non lograron arranxar os liberais cos seus procesos desamortizadores. No momento no que se promulga a reforma, España tiña amplos espazos cunha estrutura latifundista, caracterizada pola abundancia dos xornaleiros. A lei da reforma plantexaba a expropiación, con ou sen indemnización, das terras non produtivas dos terratenentes para tratar de crear unha sorte de clase media campesiña que consumise e tributase, axudando a redistribuír a riqueza. Con todo isto, os terratenentes perden o poder social sobre os xornaleiros, polo que comezan a intentar entorpecer o proxecto mediante os seus deputados. Os xornaleiros, desesperados ante a pouca repercusión da reforma, introdúcense na doutrina política do anarquismo na defensa dunha mellora da súa precariedade. A tensión faise evidente no golpe de estado de Sanjurjo (1932) que malia o seu fracaso axiliza a reforma, ou na Matanza de Casas Viejas, unha insurrección levada a cabo polos xornaleiros anarquistas que obtivo como resposta unha rápida represión por parte da República.

Pero a situación en Galicia era diferente, a constelación de pequenos propietarios agrícolas foron convencidos polo clero de que a Lei de Bases da Reforma Agraria plantexaba expropiarlles tamén a eles as terras, non so os latifundistas, azuzando o medo as colectivizacións anarquistas ou comunistas. Isto, sumado tamén ao rexeitamento ao proceso laicizador republicano explica, en gran parte, o triunfo da sublevación en Galicia.

O golpe en Galicia comeza na Coruña co plan liderado polo militar **Martín Alonso**. En febreiro do 36, trala vitoria da Fronte Popular, comezan os preparativos que se levarán finalmente a cabo o 20 de xullo do 36. A sublevación conseguiu someter os núcleos de resistencia, liderados por obreiros, mariñeiros e voluntarios do rural. Nunha semana caían A Coruña e Ferrol (de enorme importancia pola base naval) e foron desartelladas as reaccións que comezaban a formarse en cidades como Vigo, Pontevedra ou Santiago. O 26 de xullo caían, cun gran número de mortos, os últimos redutos de resistencia republicana de Tui e Lavadores en Vigo.

A **represión** máis brutal (o terror quente) sucedeu entre os meses de xullo e decembro de 1936, meses nos que se calcula que as forzas sublevadas executaron mediante os xuízos sumarísimos (polo tanto dentro da legalidade militar sublevada) ao redor de 800 persoas. Maior foi a mortalidade provocado polos paseos, execucións espontáneas do bando sublevado onde 5000 persoas foron executadas e enterradas nas cunetas de Galicia que en moitos casos non foron devoltos as súas familias. O propio Alexandre Bóveda sería fusilado o 17 de agosto en Pontevedra.




Ilustración 4. Monumento á Alexandre Bóveda na Caeira

As represión estivo destinada a erradicar a oposición á sublevación, e foron obxecto dela todos aqueles e aquelas que defenderon a legalidade republicana, cargos electos ou que tiñan vínculos co movemento obreiro. Nos primeiros meses de guerra executábanse 14 persoas por día de media, e a

isto hai que sumar os arredor de 50.000 galegos e galegas que pasaron por prisión debido a ser sospeitosos de ser potenciais inimigos do novo réxime. Por mor disto, e case de xeito espontáneo, organizouse unha resistencia en forma de **guerrilla**, que chegou a contar con 3.000 membros, de todos aqueles que non puideron marchar ao exilio. Formouse o **Exército Guerrilleiro de Galicia** que era moi heteroxéneo a nivel ideolóxico, como o propio bando republicano. Moitos foron os maquis famosos que poboaron os montes de Galicia coma o Piloto, Foucellas, Gayoso ou Ponte.

A guerrilla en Galicia podemos dividila en catro etapas:

- 1936/39: a etapa dos fuxidos. Etapa na que se forma a guerrilla froito da necesidade de escapar da represión. En esta etapa se limitan a tratar de sobrevivir, contan con bastante apoio da poboación, centrase nas zonas de difícil acceso nas montañas e é cando comeza a organización da loita armada.
- 1939/43: a derrota republicana é un feito e a guerrilla comeza a reorganizarse a carón de líderes e sectores de acción. Segue a ser heteroxénea e comeza a establecer contactos coa oposición antifranquista política.
- 1944/49: a esperanza de que a derrota do fascismo en Europa trouxera o fin do fascismo en España, tal e como apuntaba a Carta do Atlántico asinada en 1941 por Roosevelt e Churchill. a progresiva consolidación do franquismo, o inicio da Guerra fría e o fracaso da ofensiva do Val de Arán comezan a facer mella na guerrilla. Neste momento os grupos guerrilleiros pasarán a estar controladas polos militantes comunistas, cun alto grado de organización e disciplina. As accións contra o franquismo continúan e se publica o *El Guerrillero* como voceiro propagandístico.
- 1949/1954: O PCE comeza a abandonar a estratexia militar e a o movemento guerrilleiro, coa progresiva integración de España no bando capitalista tralos acordos defensivos de 1953 con EEUU e o cada vez evidente recoñecemento do franquismo a nivel internacional, comeza a `perder a esperanza de que pola vía da resistencia armada se consiga algún obxectivo claro. En 1954 a guerrilla se extingue e en 1964 morre o último guerrilleiro, o Piloto.



Ilustración 5. Casa de Foucellas en Mesía (A Coruña)

### 3. O franquismo (1939-1975)

---

#### 3.1 O Réxime Franquista

A vitoria do bando sublevado na Guerra Civil o 1 de abril de 1939 deixa vía libre para a institucionalización definitiva do réxime franquista. Unha ditadura na que Franco asumía todos os poderes e que baseaba a súa lexitimación na “salvación de España do mal” (liberalismo e comunismo) e en manter a paz. Dito proceso de institucionalización contará con dúas fases ben diferenciadas: unha primeira na que trataba de construír un réxime fascista semellante ao dos seus aliados os nazis e os fascistas italianos, e unha segunda etapa na que, debido ao inicio da derrota destes na Segunda guerra mundial a partir de 1942, desenvolverá o concepto de Democracia Orgánica para marcar distancia fronte a estes e poder adaptarse e sobrevivir, mediante o achegamento ao bloque occidental, no novo contexto da Guerra Fría.

O franquismo sustentábase nunhas bases ideolóxicas en sentido negativo (aniliberalismo, anticomunismo, antisemitismo, antinacionalismo periférico entre outras) e tamén en sentido positivo estando a favor do caudillismo, o nacionalsindicalismo, o nacionalcatolicismo, o centralismo e o militarismo. A súa longa permanencia no tempo enténdese grazas apoio de catro sectores fundamentais da sociedade. En primeiro lugar a Igrexa, encargada de lexitimar o réxime a cambio dos privilexios económicos, influencia política e do monopolio sobre a cultura e a educación que perderan a causa das reformas republicanas. O exército, no cal ascendeu de novo aos africanistas e incorporou aos milicianos fascistas e requetés da Guerra civil (alféreces provisionais) e foi utilizado para reforzar o seu poder político. Os outros dous sectores foron FET y de las JONS (partido único do réxime creado tras o Decreto de unificación do 37) e certos sectores socioeconómicos



(empresarios industriais e financeiros, terratenentes, pequena burguesía urbana e campesiños propietarios). A evolución dos apoios fluctuará co tempo e coa evolución da economía española sendo clave esta na comprensión da propia caída do réxime.

Na primeira fase da institucionalización trata de crear un réxime de tipo fascista forxando a imaxe de líder único que identifica os intereses da nación cos seus propios. Mediante o Decreto de unificación (1937) creará o partido único do réxime onde aglutinaba a heteroxeneidade ideolóxica do bando sublevado (fascistas, afonsinos da CEDA, carlistas e católicos). E no ano 1938, dentro da idea de rexeitamento do constitucionalismo, creará a primeira das denominadas Leis fundamentais que suporán a arquitectura xurídica do réxime. Esta é o Foro do traballo, unha copia da *Carta di Lavoro* (1927) do fascismo italiano na que se creaba o sindicato único (nacionalsindicalismo). En 1939 promulgárase a Lei de Responsabilidades Políticas que artellou toda a represión franquista que, lonxe de reconciliar os dous bandos na guerra, serviu para eliminar á oposición ao réxime.

A etapa da posguerra ou da Autarquía, na década dos corenta, está marcada pola entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia en 1940 para negociar a participación na Segunda Guerra Mundial. Franco declara a España non belixerante (as altas pretensións de Franco para entrar na Guerra entre as que destacaban as colonias francesas en África occidental fan imposible o acordo) pero proporcionará materias primas ao Eixe, colaborará na Batalla do Atlántico dando cobertura aos submarinos nazis nos seus portos e enviará á División azul (voluntarios falanxistas) á fronte de Leningrado. 1941 marcará o inicio do distanciamento co Eixe coa entrada de Estados Unidos na guerra e a sinatura da Carta do Atlántico, na que EEUU e RU declaran a súa intención de eliminar o fascismo de Europa, provocarán o inicio dunha maquillaxe do réxime cara un pseudoliberalismo asimilable aos aliados. As derrotas do Eixe en Stalingrado, Midway e el-Alamein en 1942 marcan o inicio da derrota dos antigos aliados do franquismo. Por esta razón nese ano Franco decreta a segunda lei fundamental, a Lei Constitutiva das Cortes, para disfrazar o carácter totalitario do sistema creando un pseudoparlamento denominado Cámara de procuradores que aprobarán as leis que lles postule o Xefe do Estado. Esta é a primeira peza da Democracia Orgánica, que era a denominación que o propio réxime utilizaba para o seu sistema político, que consistía no rexeitamento da democracia representativa substituíndoa por un sistema onde a democracia se exercía participando en tres esferas que, segundo o réxime, constituían os fundamentos da vida política: a familia na que se nace; o municipio onde se vive; e o sindicato único onde se traballa. Curiosamente, reforzando esta idea de marcar distanciamento co Eixe pola súa derrota, a lei sae no 42 pero a Cámara de Procuradores inaugúrase en febreiro do 43 coa derrota de Stalingrado confirmada. En 1945, coa derrota definitiva do Eixe, sairán dúas leis fundamentais máis, o Foro dos Españóis, para acelerar a maquillaxe do sistema debido ao rexeitamento internacional con esta pseudodeclaración de dereitos e deberes que pretendía simular a parte dogmática dunha constitución e a Lei do Referendo que permitía a Franco consultar mediante referendun aos españois sobre cuestións do Estado simulando ante os outros Estados a existencia de sufraxio en España.

En 1946 a condena da ONU ao réxime franquista agudiza o seu illamento da etapa da autarquía que defendía a capacidade de España de autoabastecerse sen necesidade de acudir ao mercado exterior. En 1947 promulgará a lei fundamental de Sucesión á Xefatura do Estado na que definía España como un reino no que Franco asumía de xeito vitalicio a Xefatura do Estado pero podía nomear un sucesor a título de príncipe (en 1969 se refrendará a Juan Carlos de Borbón como sucesor de Franco na Xefatura do Estado) coa intención de silenciar a oposición monárquica xurdida no Manifesto de Lausanne de 1945.

O contexto internacional da Guerra fría é clave para comprender o inicio do aperturismo do réxime. En 1953 cos acordos defensivos cos EEUU e o novo Concordato do Vaticano pasou de ser un réxime illado a unha peza no taboleiro da Guerra fría que permitiu a súa lexitimación internacional ao amparo dos EEUU. En 1955 pasa a ser membro da ONU e en 1959 recibe a visita de D. Eisenhower pasando a ser formalmente membro do bloque occidental. As axudas económicas dos EEUU permiten liberalizar economicamente o réxime promulgando en 1958 a Lei de principios do Movemento Nacional que será a antesala do nomeamento dos tecnócratas para iniciar ese proceso de liberalización económica. A Lei de Responsabilidades Políticas é substituída polo TOP (tribunal de orde pública). Nesta segunda fase as características totalitarias do réxime quedan disimuladas e se conforma un réxime autoritario definido como Nacional-catolicismo onde a economía, antes fortemente intervida polos falanxistas queda en mans dos tecnócratas do OPUS DEI, liberais en economía pero igualmente conservadores no ideolóxico.

O crecemento económico do *Desarrollismo* e a culminación do aperturismo suporán para o franquismo un nivel de lexitimación, tanto nacional como internacional, nunca antes acadado. Pero tamén os cambios sociais dos sesenta que penetraban parcialmente en España polo turismo comezarán a fortalecer un sector social que demandaba ampliar as liberdades políticas e sociais, ademais de liberalizar a economía. En 1967, durante esta etapa, promulgárase a Lei Orgánica do Estado onde Franco contempla que pode deixar a Xefatura de Goberno (finalmente o fará en 1973 en favor de Carrero Blanco) e supón o fin da institucionalización do réxime. O crecemento económico da década dos sesenta virase abaixo coa Crise do Petróleo de 1973, e o recoñecemento internacional sufrirá un duro revés a partir do Proceso de Burgos e as posteriores condenas a morte da década dos 70. A oligarquía española vía como único camiño de superación da crise ingresar nos circuitos internacionais da CEE pero esta denegaba a entrada en España debido ao seu carácter ditatorial (a pesar de conseguir un acordo económico preferencial en 1970). Isto, sumado a presión da oposición ao réxime, explican porque trala morte do ditador, a vía reformista impúxose a vía continuísta iniciándose o proceso coñecido como Transición democrática referendado na última lei fundamental, a Lei de reforma política de Adolfo Suárez.

### 3.2 A pegada do franquismo en Galicia

O franquismo comeza a asentarse sobre os alicerces de Falanxe e a CEDA en 1936 principalmente. Rapidamente conseguirá o apoio da burguesía galega, dos intermediarios do campo, da administración, do campesiñado propietario minifundista e, como non, da Igrexa como xa expuxemos anteriormente. Nesta amalgama de apoios mesturábanse os apoios ideolóxicos cos beneficios económicos que moitos destes sectores obtiveron da súa colaboración coa ditadura. Cabe destacar neste senso a apropiación de montes, construción de encoros, o control do estraperlo e do contrabando (en Galicia principalmente a través de Portugal pola coñecida como Raia Seca) ou beneficios políticos e administrativos. Ademais disto empregaron organizacións coma a do Sindicato Vertical ou a Hermandad de Labradores para artellar os apoios dos sectores máis populares o que fixo, como no resto de España, que agás a guerrilla como xa explicamos, apenas houbera oposición ao réxime.



Ilustración 6. Vicente Risco

O nacionalismo galego tivo que refuxiarse na clandestinidade sendo o Partido Galeguista proscrito. Moitos dos seus principais líderes, coma Castelao, Suárez Picallo ou Alonso Ríos, tiveron que fuxir ao exilio, ou outros foran executados (Bóveda) ou detidos. Isto deixou o espazo político á Dereita Galeguista, que optaron por colaborar co réxime. Destacable a colaboración co réxime de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde ou Álvaro Cunqueiro, que lle fixo de tradutor ao propio Himmler na súa visita a Galicia. Outros intelectuais, como Ramón Piñeiro, nunha liña máis posibilista, obtaron por colaborar co réxime coa idea de poder influír nas elites por medio da labor cultural. Mentres que o Partido Galeguista, no exilio, obtaba por unha clara liña antifascista e nacionalista, en Galicia a súa pegada diluíase totalmente fronte ao galeguismo colaboracionista. A única agrupación antifascista con relevancia en Galicia sería o PCE, como coordinador da guerrilla primeiro, e logo coa acción de propaganda e axitación política.

Pero a partir da década dos 60, e influído polos grandes cambios sociais e políticos desa década no mundo, o nacionalismo galego como a súa reorganización en torno a dous partidos principalmente: O **Partido Socialista de Galicia** (1963) e a **Unión do Pobo Galego** (1964). Estes grupos trataron de reactivar o nacionalismo galego e reconetalo coa a súa tradición, pero coa incorporación do marxismo e da ideoloxía dos movementos de descolonización anti-imperialista do Terceiro Mundo, tal e como era a tónica desa década no mundo. Este novo nacionalismo trataba de incorporar os sectores populares e implicalos no nacionalismo. Para cumprir este obxectivo implicáronse, non so en cuestións políticas e culturais, senón na actividade sindical e de mobilización das masas populares.

A pesar de ser estes os obxectivos deste novo nacionalismo, no período que abrangue entre 1964 e 1975 a súa implantación social foi moi pouca. Quitando casos puntuais como a oposición en 1966 á construción do encoro en Castrelo de Miño, que foi fortemente reprimida polo TOP, non será ata 1975 cando o nacionalismo se volva actor principal na loita sindical no contexto da caída do réxime e do impacto da Crise do Petróleo.

Os aspectos do desenvolvemento dos sectores económicos en Galicia despois do triunfo do bando sublevado están desenvolvidos na unidade 2 de xeografía humana. Por iso non serán desenvolvidos de novo nesta unidade.

## 4. A Transición e o inicio da democracia

---

### 4.1 Cara unha Galicia democrática

A década dos setenta comeza co estancamento do crecemento económico debido aos erros na planificación dos planos de desenvolvemento. A **Crise do petróleo** de 1973, debido a Guerra do Yom Kippur e a reacción da OPEP, golpea duramente cunha elevada inflación, aumento do paro e lento ascenso dos salarios desmoronando o crecemento e a estabilidade do *Desarrollismo*. Ante as dificultades económicas as clases traballadoras, e as clases medias incluso, reclaman cambios económicos pero tamén políticos abandonando a súa actitude conformista aumentando o número de folgas.

Neste momento a sociedade divídese en inobilistas, chamados máis tarde en termos xornalísticos o bunker (que queren manter o réxime), rupturistas (que avogan por unha democracia *ex novo*) e reformistas (unha nova vía que aposta por transformar a ditadura nun sistema democrático para entrar na CEE). Para comprender a caída do réxime é fundamental entender o impacto da Crise do Petróleo na estrutura socioeconómica e política. O mundo financeiro e industrial comeza a considerar necesario como vía a superar a crise o ingreso na **CEE**, porta sistematicamente pechada debido ao carácter ditatorial do réxime. Polo tanto, un dos piares que sostiveron ao franquismo, comeza a ver na ditadura un lastre, apostando polo tanto en pasar do continuísmo á vía reformista. Esta é unha das causas internas máis importantes para entender a non continuidade da ditadura trala morte de Franco.

En Galicia o nacionalismo estivo presente na loita sindical, xunto coas CCOO, nos principais conflitos e se configurou nesta época unha plataforma denominada **Asemblea Nacional-Popular Galega** (AN-PG) para coordinar os diferentes movementos existentes. A maior parte das organizacións sindicais optaron por integrarse no sector rupturista representado pola Xunta Democrática, sen formar unha plataforma propia ata 1976 onde se funda a **Táboa Democrática de Galicia**. Os partidos nacionalistas que tiñan relación coa UPG crearon en 1976 o Consello de Forzas Políticas Galegas. Os sectores da dereita pronto acabaron integrando a UCD reformista de Suárez.

A evolución política galega durante os primeiros anos da democracia estivo marcada por un **fortísimo abstencionismo electoral**, chegando incluso ao 50% en algúns momentos. Isto é unha herdanza da cultura do franquismo, onde a participación cidadá era nula e se desconfiaba dos mecanismos feitos a tal efecto. OS gobernos conservadores foron a tónica e ata 1993, co despegue do **Bloque Nacionalista Galego** (BNG) como alternativa política integradora do nacionalismo galego, non houbo forza política que puidera rivalizar co PP, principalmente, e co PSOE. O BNG tamén conseguiría representación nas Cortes Xerais do Estado.

### 4.2 O Estatuto de Autonomía de Galicia

Unha das cuestións capitais para a historia de Galicia na actual democracia foi, sen dúbida, a tramitación do **Estatuto de Autonomía** dentro do marco de descentralización política acordado na Constitución de 1978.

Tralo fallido intento de implantación do Estatuto en 1936, por mor da sublevación militar, a Constitución de 1978 e a inclusión dentro da categoría de **nacionalidade histórica** para Galicia abría unha nova oportunidade de acadar un marco de autonomía. Cabe sinalar que realmente a presión do nacionalismo vasco e catalán foi a promotora desta categoría de nacionalidade histórica xa que o nacionalismo galego nese momento apenas presionou nese sentido. O nacionalismo galego mantívose practicamente ao marxe deste proceso por considerar que a solución á cuestión nacional en Galicia non pasaba por un Estatuto. Os grupos de esquerda e os nacionalistas mantivéronse alleos e desconfiaban do proceso de elaboración de este Estatuto, que sería realizado por un grupo de 16 deputados da, constituída en 1976, **Asemblea de Parlamentarios Galegos**. O texto nacido desa comisión foi considerado por estes grupos coma mi pouco ambicioso e significativamente máis feble que os estatutos vascos e cataláns. En 1980, no medio dunha forte indiferenza, o Estatuto de Autonomía de Galicia sería aprobado cun 28% de participación, unha cifra brutalmente baixa que indica claramente a desmobilización dos galegos en torno a este tema. Non así dos sectores nacionalistas e de esquerda que convocaron grandes manifestacións en contra del nas principais cidades galegas. A concesións de Estatutos de Autonomía a todas as rexións do Estado, o famoso café para todos de Suárez, baleirou aínda máis a singularidade do Estatuto Galego diluíndoa no actual sistema descentralizado autonómico do Estado Español.

As primeiras eleccións autonómicas foron gañadas por Alianza Popular e o primeiro presidente sa Xuntade Galicia foi **Fernández Albor**. Aínda que despois, por moitas lexislaturas, estaría presidida polo exministro franquista **Manuel Fraga Iribarne**, fundador da propia AP. De feito, de toda a historia de democracia galega so unha lexislatura non foi presidida por AP ou o PP, a do bipartito PSOE e BNG de **Touriño** e **Quintana** entre 2005 e 2009.

Galicia neste tempo consolidou unha serie de institucións propias como o Parlamento, sé do lexislativo, a Xunta, sé do executivo, o Tribunal de Xustiza, o Tribunal de Contas, o Valedor do Pobo, e ten amplas competencias principalmente en ensino, sanidade, urbanismo ou medio ambiente. Posúe símbolos propios como a bandeira, o himno ou o escudo, e o galego adquiriu o rango de lingua propia de Galicia (iniciándose un proceso de normalización lingüística que continúa na actualidade) e cooficial co castelán. Sen embargo, unha das reclamacións máis importantes do nacionalismo galego é, que a pesar de esas competencias, Galicia non ten voz no marco das institucións supranacionais nas que se integra España (principalmente **UE**) e, polo tanto, non pode defender por si mesma as cuestións de fondo calado como as cotas lácteas, as pesqueiras ou negociar con terceiros estados. Esas funcións lle competen a Estado.

### Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Santiago Casares Quiroga	Autoría: Descoñecido. Todocolección. Licencia: Dominio público. Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:D._Santiago_Casares_Quiroga,_Ministro_de.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:D._Santiago_Casares_Quiroga,_Ministro_de.jpg</a>
Ilustración 2. Fundación do Partido Galeguista en 1931	Autoría: Descoñecido, Fundación Otero Pedrayo. Licencia: Dominio público Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Fundacion_partido_galeguista.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Fundacion_partido_galeguista.jpg</a>
Ilustración 3. Ramón Suárez Picallo	Autoría: Descoñecido, Galiciana. Licencia: Dominio público Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Ram%C3%B3n_Su%C3%A1rez_Picallo_1932.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Ram%C3%B3n_Su%C3%A1rez_Picallo_1932.jpg</a>
Ilustración 4. Monumento á Alexandre Bóveda na Caeira.	Autoría: Estevoaei. Licencia: CC BY-SA 4.0 Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Monumento_Alexandre_B%C3%B3veda_A_Caeira.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Monumento_Alexandre_B%C3%B3veda_A_Caeira.jpg</a>
Ilustración 5. Casa de Foucellas en Mesía (A Coruña)	Autoría: Nemigo Licencia: Dominio público Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Casa_de_Foucellas_en_Mes%C3%ADa_A_Coru%C3%B1a.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Casa_de_Foucellas_en_Mes%C3%ADa_A_Coru%C3%B1a.jpg</a>
Ilustración 6. Vicente Risco	Autoría: Desconocido, Fundación Vicente Risco. Licencia: Dominio público Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Vicente_Risco.jpg">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Vicente_Risco.jpg</a>